



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE DE MAIO DOUS MIL VINTE E SEIS (14/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e quince minutos do día vinte de maio de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como Secretaria, D.^a Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 13 de maio de 2026
2. Contrato menor
3. Corrección das bases do procedemento para a contratación laboral temporal de persoal ao abeiro do plan de emprego local da deputación provincial de a coruña (PEL 2026)
4. Aprobación xustificación de subvención nominativa

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 13 DE MAIO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 13 de maio de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

2. CONTRATO MENOR

A Sra. Secretaria-interventora dá conta deste expediente de contratación que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Número expediente:	2026/C002/000011

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Órgano de contratación:	Xunta de Goberno local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	SERVIZO DE SOCORRISMO PISCINA MUNICIPAL segundo memoria técnica que consta no expediente
Orzamento base licitación:	7.433,55€
Prazo execución	3 meses (segundo consta na memoria técnica)
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, artigo 25.2 (apartado I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
Financiamento:	Xunta de Galicia

Logo de ver a necesidade do Concello de contratar o servizo de socorrismo para a apertura da instalación da piscina municipal e tendo en conta a subvención concedida, que é urxente e inaprazable a contratación do seu obxecto para atender a necesidade a satisfacer sinalada, considero como opción intentar a contratación cunha empresa por contrato menor, pola súa axilidade, que iso mesmo xa xustifica a súa utilización, que ademais é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que a actuación que se pretende contratar é a adecuada para o fin perseguido.

O obxecto do contrato non é susceptible da súa división en lotes porque os servizos comprendidos nel non teñen substantividade propia nin constitúen unha unidade funcional por si mesmas de forma independente, e/ou son inseparables, de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada ou a súa división tería como consecuencia a perda da economía e da eficiencia pola multitude de trámites engadidos que tería o expediente.

O Concello non conta con medios propios persoais nin materiais adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor, o que acredita axeitadamente a insuficiencia de medios para a realización do obxecto do contrato e a necesidade urxente da contratación dunha empresa externa para que funcione con normalidade a piscina municipal.

A contratación que se pretende realizar non altera o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación. O obxecto do contrato trata de satisfacer unha necesidade puntual e non prevista e é único e non supón, por tanto, fraccionamento do obxecto do contrato (art. 118.3 da Lei 9/2017). O seu valor estimado é inferior aos 15.000,00 euros.

Así pois, considérase que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente, é o máis axeitado pola súa simplicidade, axilidade, eficacia e economía de trámite e a reducida capacidade de xestión municipal, que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente á vista da natureza e contía do contrato.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Polo exposto, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente de contratación referenciado ao principio.

SEGUNDO.- Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario conforme se xustificou anteriormente e, polo tanto, que está xustificada de maneira motivada a necesidade da contratación e a utilización do contrato menor.

TERCERO.- Informar que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos límites previstos no artigo 118.3 da Lei 9/2017, cos argumentos expostos anteriormente.

CUARTO.- Que se emita informe pola Secretaría-Intervención sobre os seguintes extremos:

- Lexislación aplicable
- Procedemento a seguir para o contrato menor
- Órgano competente para contratar
- Existencia de crédito orzamentario e a súa adecuación

QUINTO.- De existir crédito orzamentario suficiente e axeitado para o efecto, procédase a súa retención polos servizos de contabilidade e solicítese oferta ás empresas que se relacionan deseguido, que considero capacitadas para a execución do obxecto do contrato, para que, no prazo de 3 días hábiles, presenten a súa oferta por medios electrónicos e conforme ao modelo que se achega como anexo, facéndolles saber que non se admiten variantes e que o único criterio de adxudicación será o prezo máis baixo.

ESPROADE,S.L
GALICIA EVENTOS Y OCIO SL
AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS,SL

O Alcalde en funcións"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

3. CORRECCIÓN DAS BASES DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA (PEL 2026)

A Sra. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

CORRECCIÓN DAS BASES DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA (PEL 2026)

A Xunta de Goberno local deste Concello, na sesión celebrada en data 5 de maio de 2026, acordou a aprobación da convocatoria e Bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan PEL CONCELLOS 2026, que foron publicadas no BOP nº 86 do 11 de maio de 2026.

Logo de comprobar a existencia dun erro no punto f) da base sexta da citada convocatoria, relativa aos requisitos dos aspirantes, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Modificar a base Sexta punto f) das bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan PEL CONCELLOS 2026, de tal xeito que:

Onde di:

Sexta.- Requisitos dos/las aspirantes

f) Estar incluído nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes (De conformidade co previsto na Base 3.2 do PROGRAMA DE SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL aprobado pola Deputación Provincial da Coruña):

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Sexta.- Requisitos dos/las aspirantes

f) Estar incluído nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes (De conformidade co previsto na Base 3.2 do PROGRAMA DE SUBVENCÍONS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026) INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL aprobado pola Deputación Provincial da Coruña):

- Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- **Menores de 30 anos**
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

2.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico municipal

Asina en Monfero O Alcalde en funcións: Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

4. APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA

A Sra. Secretaria-Interventora da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación Tedec:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subVENCIÓN nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

orçamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE SAN FIZ	MCAR	Festas da Pascua	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por **UNANIMIDADE**, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos